

PAU 2025

CONVOCATORIA ORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOGRAFÍA

(Cód. 35)

A cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas de forma global, **ata un máximo de 1 punto.**

PREGUNTA 1. A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO FÍSICO EN ESPAÑA. (2,5 puntos) RÚBRICA DE RESPOTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso

Coñecementos

- Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades; apenas menciona factores xeográficos ou termodinámicos que xustifiquen esas diferenzas. Non hai identificación do documento correspondente ao mapa sinóptico nin á imaxe de satélite.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
- A resposta non se axusta á extensión recomendada ou fáino dun xeito forzado, en base de vaguidades.

Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado

Coñecementos

- Explica algunha causa que xustifica as características dunha DANA (segundo o recollido na rúbrica de sobresaínte), mais é incompleta ou ten erros. Hai escasa mención dos factores xeográficos e termodinámicos que causan esta situación atmosférica; identifícase a imaxe de satélite e coméntase a imaxe 2, pero sen fincapé nos motivos que causan os desastres.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico.
- A resposta tenta axustarse á extensión recomendada, ben que o fai repetindo conceptos ou dun xeito un tanto forzado.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable

Coñecementos

- Explica algunha ou algunhas das causas que xustifican a presenza dunha DANA no Mediterráneo (segundo o recollido na rúbrica de sobresaínte), mais está incompleto ou non amosa unha comprensión clara e precisa do fenómeno, ou ben faltan matices.

Redacción / extensión (capacidade de síntese) - A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender. - A súa resposta axústase máis ou menos a extensión recomendada.
--

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaliente
Coñecementos - Comprende os documentos con claridade, utilizando termos técnicos (mapa sinóptico, DANA, frentes frías, isóbaras, ortofoto, albufeira,...). - As xustificacións xeográficas e termodinámicas do mapa sinóptico están ben fundamentadas e son correctas, amosando comprensión tamén das consecuencias visibles nas imaxes 2 e 3, correspondentes a unha fotografía frontal e unha imaxe de satélite. - Explica o proceso de formación dunha DANA, a partir do requeimemento das augas do Mediterráneo en época de final de estío e comezo de outono, combinado coa presenza dunha burbulla de aire frío en altura que, debido aos factores orográficos, precipita torrencialmente sobre a chaira levantina. Explicar a circulación en altura asociada a estes procesos, mencionando as ondulacións do Jet Stream. - Relaciona o fenómeno torrencial co incremento de hotspots debidos ao cambio climático antropoxénico e á urxencia climática, que son cada vez máis frecuentes en áreas mediterráneas, xunto co quecemento extremo das masas de auga marítimas. - Indica as consecuencias graves do fenómeno nas actividades humanas e económicas, tal e como se percibe na imaxe 2, por mor do asolagamento debido á enchente de barrancos e ramblas, que asolagaron rúas de cidades da área metropolitana e encheron a albufeira de Valencia. Inclúe o concepto de torrente e os barrancos como espazos ocupados por construcións que non deixan fluír a auga e se converteron en presas. - Explicita a importancia e frecuencia destas situacións atmosféricas na península ibérica, unha das áreas sometidas ao máis extremo quecemento climático do planeta.
Redacción – extensión (capacidade de síntese) - A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada. - A resposta axústase a extensión recomendada.

DESENVOLVEMENTO DA RESPOSTA

Como nos indica o mapa sinóptico en superficie de AEMet (Axencia Estatal de Meteoroloxía) previsto para o 29 de outubro de 2024, temos localizada en superficie unha baixa presión atmosférica con centro no SL do Mediterráneo español, próxima ás costas de Almería, cunha presión inferior a 1012 mb, asociada a unha fronte cálida e outra fría que se sitúan sobre a área levantina peninsular. Porén, a maior parte do territorio peninsular está sometido a altas presións en superficie, cun anticiclón reforzado de 1032 mb sobre o Atlántico, ao NO de Iberia. No mapa en superficie pódese deducir a presenza de aire frío nas capas altas da atmosfera, que orixinan inestabilidade -asociada a unha burbulla de aire máis frío que se descolga do Jet Stream en altura- e dan lugar a unha baixa presión que xa se marca feblemente (b) en superficie.

Estamos diante dunha DANA/DINA, un fenómeno meteorolóxico que se produce como consecuencia de combinar varios factores: a) a ondulación extrema do Jet Stream ou corrente en chorro, que circula en sentido meridiano, lentamente, e descolga, nunha valgada, unha burbulla de aire frío que queda illada da circulación xeral atmosférica, cunha temperatura do aire moi baixa; b) o requeimemento das augas do Mediterráneo a finais de verán / comezos de outono, que, con altas temperaturas en superficie, orixina unha moi elevada evaporación de vapor de auga. A combinación de ambas situacións produce fronte estacionarias que baten contra os relevos levantinos, moi próximos á costa, e descargan fortes precipitacións, de carácter torrencial, en moi pouco espazo de tempo.

Neste caso, o enorme ascenso convectivo de aire quente que produciu treboadas moi intensas sobre a provincia de Valencia. A riada arrasou o litoral valenciano, como consecuencia do aluvián dos torrentes e ramblas, dando lugar a un anegamento de espazos próximos á albufeira de Valencia, como se amosa na imaxe de satélite 3 (correspondente á axencia Copernicus); na fotografía de satélite compróbase o cambio da paisaxe entre os días previos á DANA e os posteriores. As erosionables arxilas e a vexetación rala, características do mediterráneo, facilitaron a afluencia de caudais imparables, que destruxeron pontes, arrastraron coches, posteriormente reemprazados (imaxe 2, procedente do diario Levante), e provocaron perda de vidas humanas.

As medicións da temperatura dos océanos levan máis dun ano amosando máximos históricos que reflicten o queimamento das superficies mariñas, auténtico combustible para os procesos convectivos que alimentan furacáns, tornados e gotas frías. A finais de outubro, ademais, este Mediterráneo requeimado ofrece o escenario idóneo para a formación de nubes de gran desenvolvemento vertical que, batendo con relevos costeiros, descargan acumulacións de saraiba e choiva torrenciais.

O cambio climático antropoxénico, nutrido polo uso continuado de combustibles fósiles -que suman altas concentracións de metano e outros GEI-, está na base da “nova normalidade climática”, esa na que se suceden vagas de calor extenuantes e con incremento do risco de desertificación, e fortes episodios de choivas torrenciais nos que se acumulan enormes perdas humanas e económicas. O Jet Stream describe agora ondas máis pronunciadas no seu trasego, as dorsais e valgadas increméntanse, a converxencia intertropical ascende en latitude, o sistema climático semella errático.

A área mediterránea é, segundo os expertos, unha das que pode acumular máis impactos ambientais por mor do cambio climático, agora xa emerxencia climática. Neste territorio vive a meirande parte da poboación en España; a actividade humana é intensa; desenvólense actividades como o turismo de sol e praia, que acumula moi fortes densidades estacionais; a agricultura hortofrutícola, dependente dun regadío cada vez máis estresado pola escaseza global de precipitacións e o esgotamento dos acuíferos, ten unha forte produtividade, mais o futuro aporta dúbidas; o litoral, auténtica sucesión de urbanizacións e segundas residencias, que ocuparon antigas salobreiras, xunqueiras, ramblas,... A forte ocupación do espazo combínase con políticas pouco restritivas canto á ocupación residencial de marxes de cauces e zonas inundables.

A actividade económica suspendeuse durante días practicamente en 69 concellos, cunha de cada tres sociedades da provincia de Valencia afectadas. Centos de naves industriais e comercios resultaron anegados ou destruídos, milleiros de coches foron arrastrados pola corrente e inutilizados, as perdas económicas tardarán meses en ser paliadas. As repercusións sobre o estado psicolóxico e emocional das persoas afectadas van perdurar no tempo. Unha catástrofe ambiental ten consecuencias económicas, sanitarias, mentais.

PREGUNTA 2. ORDENACIÓN DEL TERRITORIO EN EL ENFOQUE ECOSOCIAL. LA POBLACIÓN ESPAÑOLA: ANÁLISIS DE SU ESTRUCTURA Y DESEQUILIBRIOS. Observe o mapa e responda un destes dous apartados.

2.1. Identifique o tipo de documento e analice o fenómeno da inmigración en canto á súa evolución dende os anos 90 ata a actualidade, a súa procedencia e distribución espacial (2,5 puntos)

RÚBRICA DE RESPOTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso

Coñecementos

- Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades; apenas menciona orixes das nacionalidades máis significativas na inmigración, nin áreas de destino. Non hai identificación do documento correspondente ao mapa de puntos proporcionais, a súa orixe e fonte.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
- A resposta non se axusta á extensión recomendada ou faino dun xeito forzado, en base de vaguidades.

Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado

Coñecementos

- Explica algunha causa que xustifica a distribución da inmigración en España, actualmente; identifícase o mapa a nivel administrativo, mais non se determina a tipoloxía nin a distribución específica da inmigración.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico.
- A resposta tenta axustarse á extensión recomendada, ben que o fai repetindo conceptos ou dun xeito un tanto forzado.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable

Coñecementos

- Explica algunha o algunhas das causas que xustifican a distribución da inmigración en España, actualmente; identifícase o mapa a nivel administrativo, e pode determinarse a tipoloxía e distribución específica da inmigración (segundo o recollido na rúbrica de sobresaínte), mais está incompleto ou non amosa unha comprensión clara e precisa do fenómeno, ou ben faltan matices.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.
- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión recomendada.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaliente**Coñecementos**

- Comprende o documento e utiliza termos técnicos (mapa de puntos proporcionais a nivel municipal, división administrativa autonómica, fala dos que nos transmite a lenda do mapa, presenza de información relativa a procedencia continental dos migrantes,...).
- A xustificación da distribución territorial alude á presenza de aglomeracións urbanas ou áreas de altas densidades de poboación, en relación co predominio de actividades económicas altamente produtivas.
- Explica o proceso polo que España se converte en receptor de inmigrantes (crecemento económico vencellado á burbulla inmobiliaria, retroceso por mor da crise de 2007-08, recuperación tras o episodio pandémico de COVID-19, porta de entrada a Europa de inmigración africana e latinoamericana,...).
- Relaciona o fenómeno migratorio con causas climáticas e políticas (migrantes climáticos, refuxiados políticos) ou de repouso na xubilación (áreas mediterráneas), mais sobre todo económicas (migrantes de baixos recursos procedentes de África e Europa oriental, mesmo de Iberoamérica,...).
- Indica os contrastes existentes entre áreas metropolitanas e o espazo da España baleira.
- Explicita contrastes entre a “España chea” e a “España baleira”.

Redacción – extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada.
- A resposta axústase a extensión recomendada.

DESENVOLVEMENTO DA RESPOSTA

Estamos diante dun mapa de España con división en comunidades autónomas. A información, presentada, de puntos proporcionais, ten carácter municipal, e mostra a inmigración segundo procedencia presente en España en 2022, segundo datos do INE (Instituto Nacional de Estadística).

O mapa reflicte unha desigual distribución da acollida de inmigrantes centro-periferia, cun predominio numérico da inmigración en Madrid, litoral mediterráneo, ambos arquipélagos, país Vasco, o triángulo urbano asturiano e a Galicia litoral. A maior parte da poboación de orixe africana concéntrase no litoral mediterráneo, mentres nas áreas central e noroccidental predomina a poboación de orixe latinoamericana. En certas áreas do litoral mediterráneo e arquipélagos, de moita influencia turística, destaca a poboación residente británica ou alemá, en moitos casos xubilada, que desfruta do clima cálido propio destas costas, con respecto do máis fresco das súas terras de orixe.

A inmigración pódese agrupar en catro grandes conxuntos:

- Persoas xubiladas procedentes de Europa Central e do Norte. Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un clima suave e un medio agradable rodeado de bos servizos. Este tipo de poboación, que aumentou de forma notable a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para a súa instalación no noso país, aínda que os británicos están a sufrir os efectos do BREXIT.
- Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e da cultura. Este grupo de poboación está formado por persoas que proceden na súa maioría da Unión

Europea. Veñen a España por cuestións laborais ou porque atopan mellor calidade de vida. Neste colectivo inclúense altos cargos directivos, técnicos, deportistas, estudantes, etc.

- Refuxiados políticos. Son persoas que por motivos políticos tiveron que fuxir do seu país. Tamén se inclúe neste grupo os que abandonaron o seu lugar de orixe por conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.

- Inmigrantes procedentes de países pobres. Este é o grupo máis numeroso da inmigración que chega a España na actualidade. Está formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de África, América Latina, Leste de Europa e Asia, que veñen na procura de traballo e dunhas condicións de vida máis dignas.

Ben que España foi país de emigrantes desde finais do século XIX e ao longo do século XX (ata a crise do petróleo de 1973), pasou a acoller poboación estranxeira, especialmente desde comezos do século actual. O crecemento migratorio foi continuo na primeira década do século XXI -con picos moi elevados en 2005, en plena época do incremento da actividade inmobiliaria-, decaeu no período 2008-2015, e recuperouse de novo a finais da segunda década. A finais de 2024, o 13,76% da poboación residente en España é inmigrante, cun predominio das comunidades marroquina, romena e colombiana; outras comunidades súmanse á poboación inmigrante por mor de conflitos políticos latentes (tal é o caso da poboación venezolana e ucráina). Mais non debemos esquecer que España está no flanco norte do Mediterráneo, a fronteira máis letal do planeta, na que milleiros de migrantes clandestinos teñen loitado por acadar un futuro en patera (ou en caiuco, no caso dos senegaleses que chegan ás illas Canarias): case 30.000 persoas falecidas ou desaparecidas xacen neste *mare nostrum* entre o período 2014-2023.

A meirande parte da poboación inmigrante en España é de procedencia americana (45%), seguida da europea (30%), a africana (18%) e a asiática (7%). A súa distribución debuxa un predominio de efectivos no mediterráneo litoral, Madrid, Canarias, País Vasco e litoral atlántico galego, malia que nin a España baleira nin outros recantos do interior son alleos á medra das *flores doutro mundo*. Se ben a meirande parte da inmigración é económica e podería ser considerada parte dela de orixe climática (habitantes dun Sahel devastado pola seca e as famiñas (fame negra), que buscan unha oportunidade de mellora na UE), non cabe esquecer que parte da Costa Branca e Costa do Sol, mesmo os arquipélagos balear e canario, contan cunha poboación estranxeira xubilada -en certas áreas de orixe maioritariamente británica- que escolle o noso litoral por mor dun clima suave case continuo. En Galicia, a inmigración non deixa de medrar, ben que a proporción é cativa en relación ao total nacional; Galicia tiña unha porcentaxe de poboación estranxeira do 5,7% a comezos de 2024, pero as proporcións nas idades adultas xoves -de 25 a 44 anos- escalan ata o 18,9% do total; a inmigración en Galicia reproduce os lugares de destino da emigración galega no pasado, e nas áreas metropolitanas está por enriba do 14%; a un predominio da inmigración sudamericana hai que engadir a importante proporción de inmigración portuguesa nas áreas limítrofes coa *raia*, xunto coa presenza dunha comunidade marroquina significativa na Terra Cha lucense.

O documento reflexa a importancia da agrupación dos inmigrantes pola súa orixe e pola actividade económica que desenvolven:

- Europeos, entre os que se distinguen os grupos anteriormente mencionados: xubilados, executivos e outros procedentes dos países do Leste que están a desempeñar actividades pouco especializadas, que ademais do litoral, aparecen nas áreas metropolitanas das grandes cidades.

- Africanos: dedicados a actividades do sector primario, como por exemplo na agricultura intensiva

-Americanos que desenvolven tarefas pouco especializadas do sector terciario e de coidado nas grandes cidades, a distribución tan espallada tamén ten que ver co idioma e cunha tradición de retorno de inmigrantes e familiares de hispanoamérica.

2.2. Explique as consecuencias demográficas, económicas e sociais da emigración, así como a política migratoria española (2,5 puntos).

RÚBRICA DE RESPOTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso

Coñecementos

- Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades; non se mencionan consecuencias de ningún tipo, relacionadas coa inmigración nin coa política migratoria en España.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
- A resposta non se axusta á extensión recomendada ou faino dun xeito forzado, en base de vaguidades.

Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado

Coñecementos

- Explica algunha causa que explica as consecuencias demográficas, económicas ou sociais da inmigración; non hai referencia á política migratoria en España.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico.
- A resposta tenta axustarse á extensión recomendada, ben que o fai repetindo conceptos ou dun xeito un tanto forzado.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable

Coñecementos

- Explica algunha o algunhas das consecuencias demográficas, económicas ou sociais da inmigración; hai algunha leve referencia á política migratoria en España (segundo o recollido na rúbrica de sobresaínte), mais está incompleto ou non amosa unha comprensión clara e precisa do fenómeno, ou ben faltan matices.

Redacción / extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.
- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión recomendada.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaliente**Coñecementos**

- Distingue entre consecuencias demográficas, económicas e sociais da inmigración.
- Apunta ideas esenciais sobre a política migratoria de España no presente.
- Explica as consecuencias demográficas da inmigración en España (anovamento do tecido produtivo, renovación da estrutura demográfica, incremento da taxa de natalidade,...).
- Xustifica os cambios no sistema produtivo a causa da aportación inmigrante (participación significativa en sectores estratéxicos, incremento das cotizacións á Seguridade Social, mantemento do Estado de Benestar,...)..
- Explicita os cambios sociais derivados da inmigración (melting pot, globalización,...).
- Relaciona os cambios na estrutura española con outros producidos a nivel internacional, cunha referencia ás novas políticas proteccionistas e de loita contra a inmigración masiva.

Redacción – extensión (capacidade de síntese)

- A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. A resposta é precisa, detallada e ben estruturada.
- A resposta axústase a extensión recomendada.

DESENVOLVEMENTO DA RESPOSTA

A inmigración produce consecuencias demográficas na estrutura da poboación en España. Dado que a meirande parte da poboación inmigrante corresponde ao sector da poboación adulta xove, a consecuencia máis inmediatea é o aumento da proporción deste grupo de idade que provocará un incremento da natalidade nese grupo -con respecto á media, por mor dunha maior fecundidade (aínda asociada a poboacións de trazos tradicionais, máis proclives a familias con máis fillos). A poboación inmigrante é máis nova con respecto á media, a súa pirámide é de tipo relativamente estable, fronte ao avellentamento da pirámide da poboación nacional.

A nivel económico, un país avellentado como España precisa cada vez máis do aporte da poboación estranxeira para soste a forza de traballo necesaria de cara a manter o Estado do Benestar. Por iso, en moitos sectores claves -nos que se produce un abandono por parte da poboación autóctona, como a agricultura, a construción e os servizos-, o aporte laboral da poboación inmigrante resulta esencial de cara ao funcionamento do tecido produtivo: o traballo nas granxas da Terra Cha, nas superficies baixo plástico do Campo de Dalías almeriense, o coidado de maiores e os servizos de atención doméstico en casas de maiores resultan exemplos paradigmáticos destas necesidades básicas ás que atende boa parte da poboación inmigrante.

A nivel social, a inmigración produce e producirá cambios sociolóxicos no territorio. Pode que a inmigración sexa o inicio dunha verdadeira sociedade “melting pot” que avance na mestizaxe e na integración, fomentando a interculturalidade e os valores de tolerancia que políticas proteccionistas en avance non atenden na actualidade. A globalización fará medrar as migracións e a mestura social. Máis do 3% da poboación do mundo vive fóra do seu lugar de orixe (en España ben máis), e esta porcentaxe non debería deixar de incrementarse en contextos de cambio ambiental por mor do quecemento climático.

A Unión Europea e España levan a cabo un proceso de regulación para controlar a entrada da inmigración africana, que atopa moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Estas persoas poden entrar no país como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camións co risco que iso implica para as súas vidas. Desde hai unha década, endurecéronse os requisitos para conseguir a nacionalidade española, mais en 2020 continuaba a ser o país da UE -tras Italia- con maior número de concesións. As reivindicacións da dereita populista de endurecer as condicións de permanencia da inmigración irregular chocan actualmente coas propostas máis progresistas de inclusión e reparto dunha inmigración que medra cada ano, como xa se detecta nos centros de acollida de migrantes de Canarias e Andalucía. Despois de varias regularizacións de inmigrantes, o problema non deixa de medrar por mor da maior afluencia de persoas que desexan utilizar España como ponte para acceder á Europa continental.

PREGUNTA 3. SECTOR TERCIARIO. OS ESPAZOS TERCIARIZADOS. Observe as imaxes e responda un destes dous apartados:

3.1. Explique o tipo de turismo que recolle a figura 5 e a súa posible localización, analice tamén o deterioro dos elementos ambientais deste espazo, de cara a propoñer un modelo turístico alternativo. (2,5 puntos).

RÚBRICA DE RESPOSTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso
Coñecementos - Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só conten xeneralidades ou ambigüidades.
Redacción / extensión-capacidade de síntese - Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. - A resposta non ten un desenvolvemento suficiente ou o fai dunha maneira forzada a base de vaguidades.
Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado
Coñecementos - Identifica o tipo de turismo da imaxe, pero apenas explica as súas características principais, as súas repercusións ambientais ou o fai de maneira incompleta ou con erros. Tampouco propón solucións alternativas.
Redacción / extensión-capacidade de síntese - A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico. - A resposta é ampla aínda que o fai repetindo conceptos ou dunha maneira un tanto forzada.
Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable
Coñecementos - Identifica o tipo de turismo da imaxe, explica algunha das súas principais características e repercusións ambientais e cita algunha posible solución, pero a súa análise non é precisa ou completa.
Redacción extensión-capacidade de síntese - A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender. - A súa resposta axústase máis ou menos a extensión requirida para explicar as cuestións propostas.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresaínte
Coñecementos - Identifica o tipo de turismo da imaxe (sol e praia), a súa localización e climatoloxía (litoral mediterráneo) e expón as principais características deste tipo de turismo relacionadas coa imaxe (gran densidade construtiva, masificación, especulación, falta de estética construtiva...). - Analiza as principais repercusións ambientais deste modelo turístico (sobre explotación de recursos naturais, destrución da paisaxe natural, xeración de residuos, contaminación e degradación de ecosistemas...) e fai algunha referencia á alteración do ecosistema da Manga do Mar Menor (desaparición de dunas, praias e humedais, aumento da salinidade e episodios de anoxia pola falta de osíxeno debido a vertidos de nitratos e pesticidas da agricultura intensiva ou augas residuais...). - Propón solucións como o fomento de modalidades de turismo alternativas, regulación ambiental (papel da administración) e sensibilización social, rexeneración de espazos degradados e apoio a proxectos de sustentabilidade...).
Redacción extensión-capacidade de síntese - A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado. - A resposta axústase a extensión requirida para dar resposta as cuestións expostas.

DESENVOLVEMENTO DA RESPOSTA

O tipo de turismo que recolle a figura 5 é o denominado turismo de sol e praia localizado no litoral mediterráneo, concretamente na Manga do Mar Menor (Región de Murcia) e permite observar a transformación do seu espazo comparando as dúas imaxes como consecuencia do aumento da demanda deste tipo de turismo dende a década dos 60 do século XX.

Este boom do turismo tivo lugar nos anos 60 e 70, coincidindo co desenvolvemento económico do país e co crecemento da clase media europea, especialmente no norte do continente (Reino Unido, Alemaña, Francia...). Estes turistas buscaban destinos soleados e accesibles, e as costas españolas convertéronse nun destino preferente grazas a diversos factores como un clima favorable (máis de 300 días de sol ao ano nesta zona do litoral mediterráneo), a existencia de extensas praias de acceso doado, prezos competitivos (debido a un custo de vida máis baixo) e as facilidades urbanísticas que permitiron a rápida construción de grandes complexos turísticos.

O que nun inicio era un espazo natural, practicamente virxe, converteuse nun núcleo turístico de alta densidade. O modelo urbanístico desenvolvido foi moi intenso, especulativo e sen unha planificación urbanística, dando como resultado unha gran transformación da paisaxe orixinal de dunas e areais costeiros. Hoxe é unha cidade lineal onde as distintas urbanizacións se suceden de forma continua e anárquica. Os intereses especulativos e a falta dun modelo turístico sostible naquel tempo crearon un espazo caracterizado por unha alta edificabilidade (hoteis, apartamentos turísticos, resorts,...) e unha falta de estética construtiva baseada nun modelo de turismo masificado e de baixa calidade.

Esta masificación turística nun ecosistema fráxil xerou importantes impactos ambientais, moitas veces irreversibles. Entre estes impactos podemos destacar a destrución da paisaxe natural, a sobre explotación de recursos (especialmente no verán), a xeración de residuos e a contaminación e degradación do ecosistema (desaparición de dunas, praias e humedais e aumento da salinidade).

De feito, un dos principais problemas ambientais ao que se enfronta o Mar Menor é a eutrofización, que provoca mortalidade de peixes e afecta a calidade da auga. Esta é consecuencia do exceso de nutrientes,

principalmente nitratos e fosfatos, que chegan á lagoa procedentes da agricultura intensiva e doutras actividades humanas.

Todo iso evidencia a necesidade, por parte da administración, de realizar actuacións urbanísticas co obxectivo de deter o deterioro ambiental, ordenar os usos do solo, crear máis espazos dotacionais, protexer as praias e outros recursos naturais e apostar por un turismo sostible. Sería necesario, por tanto, unha estrita normativa de ordenación do territorio e protección ambiental, o fomento dun turismo sustentable que promova alternativas ao turismo masivo e unha educación ambiental e sensibilización social que axude a concienciar, tanto a turistas como a residentes, sobre a importancia de conservar os ecosistemas costeiros.

Porque a pesar destes problemas, estas áreas costeiras como A Manga continúan a ser atractivas e teñen unha gran demanda e da súa evolución depende o emprego e o dinamismo económico do seu territorio.

3.2. Analice diferentes repercusións a nivel local do tipo de turismo que se relaciona coa imaxe (demográficas, económicas, sociolóxicas, na ordenación do territorio, ambientais...) e explique en que consiste a “turismofobia” e as posibles causas do seu crecemento. (2,5 puntos).

RÚBRICA DE RESPOTA

Valoración (0 – 0,75 puntos) – Nivel de suspenso

Coñecementos

- Apenas hai explicacións nin relación cos contidos e a resposta só contén xeneralidades ou ambigüidades.

Redacción / extensión-capacidade de síntese

- Na redacción abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.

- A resposta non ten un desenvolvemento suficiente ou o fai dunha maneira forzada a base de vaguidades.

Valoración (0,75 – 1,5 puntos) – Nivel de aprobado

Coñecementos

- Identifica o tipo de turismo da imaxe, pero apenas explica as súas principais repercusións ou o fai de maneira incompleta ou con erros.

Redacción / extensión-capacidade de síntese

- A expresión é formalmente correcta, pero demasiado simple e non hai un dominio claro do vocabulario específico.

- A resposta é ampla aínda que o fai repetindo conceptos ou dunha maneira un tanto forzada.

Valoración (1,5 – 2,0 puntos) – Nivel de notable

Coñecementos

- Identifica o tipo de turismo da imaxe, explica algunhas repercusións, pero a súa análise non é precisa ou completa.

Redacción extensión-capacidade de síntese

- A redacción é correcta e a súa argumentación e estrutura é doada de comprender.

- A súa resposta axústase máis ou menos a extensión requirida para explicar as cuestións propostas.

Máxima valoración (2,0 – 2,5 puntos) – Nivel de sobresáinte**Coñecementos**

- Identifica o tipo de turismo que se relaciona coa imaxe e expón as súas principais características (clima favorable, extensas praias, prezos competitivos, especulación urbanística.
- Cita algunhas repercusións demográficas (crecemento da poboación estacional, envellecemento da poboación residente, despoboamento do interior e concentración costeira, incremento da inmigración estranxeira...).
- Comenta os principais impactos ou problemáticas económicas (dependencia excesiva desta actividade, desaparición de actividades tradicionais, estacionalidade e precariedade laboral, aumento do custo da vida e da vivenda, expulsión de poboación local...
- Expón algunhas consecuencias sociolóxicas como cambios culturais e identitarios e os conflitos entre residentes e turistas explicando o concepto de “turismofobia” e as reaccións a turismo de masas nalgunhas zonas da xeografía española analizando as súas causas (subida de prezos, xentrificación, deterioro da calidade de vida...).
- Expón as principais repercusións ambientais: destrución da paisaxe ambiental, sobre explotación de recursos naturais, contaminación e degradación de ecosistemas...

Redacción extensión-capacidade de síntese

- A redacción é correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado.
- A resposta axústase a extensión requirida para dar resposta as cuestións expostas.

DESENVOLVEMENTO DA RESPOSTA

O turismo, especialmente nas zonas costeiras e durante os meses de verán, está a converterse nun importante reto ambiental e social. O continuo crecemento de visitantes nas rexións litorais provoca impactos ou repercusións significativas nun contexto marcado polo cambio climático e a escaseza de recursos naturais.

Repercusións demográficas e presión sobre os servizos:

Durante o verán, moitos municipios costeiros multiplican de forma drástica a súa poboación, o que supón unha presión notable sobre os servizos públicos, como o saneamento, a xestión de residuos, o transporte ou a sanidade. Ademais, o turismo tamén altera a estrutura demográfica local, xa que moitas persoas mozas migran ás zonas turísticas en busca de emprego, mentres que outros perfís, como adultos ou xubilados, acaban establecéndose de forma permanente.

As repercusións económicas son diversas:

Transformación económica e dependencia. Nas zonas costeiras do Mediterráneo, moitas localidades abandonaron os sectores económicos tradicionais —como a pesca, a agricultura ou o marisqueo— para centrarse no turismo. Esta reconversión provocou a desaparición ou marxinación de moitas actividades tradicionais que non poden competir co rendemento económico que ofrece o sector turístico. Como consecuencia, as economías locais fanse moi dependentes dun único sector e máis vulnerables ante crises como a da COVID-19 ou fenómenos meteorolóxicos extremos.

Estacionalidade e precariedade laboral. Un dos principais problemas do modelo turístico actual é a súa estacionalidade. A maior parte dos ingresos e do emprego concéntrase nos meses de verán, provocando que

o traballo sexa temporal, precario e con escasa estabilidade. Isto afecta especialmente á xente moza e con menor formación, ao tempo que dificulta manter activos os servizos públicos ao longo de todo o ano.

Impacto sobre o custo da vida e a vivenda. A demanda turística ten un efecto directo sobre o prezo da vivenda, tanto en compra como en alugueiro. A proliferación de segundas residencias e apartamentos turísticos provoca a expulsión da poboación local, un fenómeno coñecido como xentrificación turística. Isto reduce a dispoñibilidade de vivenda a longo prazo e transforma os espazos residenciais en zonas dominadas polos intereses turísticos.

O turismo de masas tamén xerou cambios culturais e identitarios: perda de tradicións e costumes, ás veces simplificadas ou adaptadas para o consumo turístico, despersonalización do espazo urbano, con tendas e negocios orientados exclusivamente ao visitante e conflitos entre residentes e turistas, que se acentúan en tempadas altas por mor da masificación.

O desenvolvemento turístico afecta profundamente a ordenación do territorio, coa creación de grandes infraestruturas de lecer ou de abastecemento que modifican o espazo natural. Estes cambios derivan en impactos ambientais como: urbanización de espazos naturais valiosos, construción de hoteis e apartamentos xunto ás praias, contaminación atmosférica, da auga e acústica, exceso de residuos e sobre explotación de recursos naturais, como a auga.

A acumulación destes problemas levou ao desenvolvemento da chamada turismofobia, termo que se refire ao rexeitamento social cara ao turismo masivo. Non obstante, moitos expertos coinciden en que este rexeitamento non é tanto cara ao turista, senón ao modelo turístico dominante, que xera desigualdades e destrúe calidade de vida. As principais causas da turismofobia son: subida do prezo da vivenda, que expulsa á poboación local, xentrificación e perda da identidade de barrios tradicionais, masificación, que deteriora a calidade de vida diaria e degradación ambiental e presión sobre servizos básicos.

Este malestar social maniféstase de diversas formas: protestas veciñais, mensaxes e pintadas críticas (“Tourists go home”), creación de plataformas cidadás que esixen límites ao turismo, e unha actitude cada vez máis crítica cara a determinados tipos de turismo masivo (como o de borracheira ou despedidas de solteiro/a).

PREGUNTA 4. VOCABULARIO XEOGRÁFICO ESPECÍFICO. (2,5 puntos)

Defina cinco dos dez conceptos resaltados no seguinte texto. Pode aportar, se procede, un exemplo significativo da España actual. (0,5 puntos por concepto)

G20.- Grupo de discusión económica, formado por 19 Estados, máis a Unión Europea onde se reúnen regularmente, dende 1999, xefes de Estado, gobernadores centrais e ministros de finanzas. Intégranos os países máis industrializados do G7, xunto con outros emerxentes de distintos continentes, e teñen por obxectivo coordinar medidas para impulsar o crecemento e intercambio económico mundial.

BRICS.- Siglas que fan referencia ao conxunto de países formados por Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica. É o grupo de países máis adiantados dentro das economías emerxentes. É unha asociación político-económico-social que, en 2024, se ten ampliado co ingreso de Arxentina, Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos, Irán, Exipto e Etiopía. Coa súa asociación, pretende un maior equilibrio dentro da economía mundial.

Industria 4.0.- A Cuarta Revolución Industrial, actualmente en marcha, implica a utilización de novas tecnoloxías como a robótica, a intelixencia artificial, a nanotecnoloxía e o internet das cousas, entre outras. Todo iso debe repercutir nunha automatización das tarefas e unha dixitalización industrial que quizás reverta o proceso de deslocalización industrial promovido polo neoliberalismo de finais do século XX.

Cidade de 15 minutos.- Modelo de planificación urbanística sostible, lanzado na COP21 de París (2015), e caracterizado por promover un deseño urbano que facilite o acceso ás necesidades básicas (traballo, vivenda,

alimentación, saúde, educación, cultura lecer) baseado na proximidade e nos desprazamentos a pé ou en bicicleta, menos contaminantes. Outro modelo sostible é tamén o das “supermazás” postas en práctica na cidade de Barcelona.

Cidade difusa.- Modelo de desenvolvemento urbano de inspiración anglosaxona, que se caracteriza por unha expansión do tecido urbano, con menor densidade de edificación, ao longo das áreas metropolitanas e contornas rururbanas. Na súa superficie configúranse áreas segregadas, especializadas en funcións residenciais, comerciais e industriais. A “ideoloxía clorofila” dominante a finais do século XX expandiu este modelo en España, que se adaptaba tradicionalmente ao modelo de cidade compacta mediterránea.

FEAGA.- Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria, é o organismo da UE que apoia aos agricultores a través de diferentes réximes de pago, por emprego de métodos agrícolas sostibles e pago aos agricultores novos. Os pagos están suxeitos ao cumprimento das normas da UE sobre seguridade alimentaria, protección medioambiental e benestar animal. O FEAGA financia tamén medidas para estabilizar os mercados agrícolas e apoio ás rexións ultraperiféricas.

Acuífero.- Formación constituída por unha ou máis capas de rochas, capaz de almacenar e ceder auga infiltrada no solo. Os acuíferos son permeables e gardan auga coterránea que se transmite a lagos, pantanos, fontes e pozos. A súa sobre explotación para regadío fainos estar no punto de mira da sostibilidade ambiental.

Desalgadora.- Planta que produce auga doce a partir da auga salgada mariña. No litoral mediterráneo, onde a cantidade de precipitación recibida é escasa para atender ás necesidades de consumo dunha poboación en crecemento, trátase dunha solución para o abastecemento de auga doce con diferentes usos vencellados, sobre todo, ao consumo humano.

AMOC.- Acrónimo de *Atlantic Meridional Overturning Circulation*, cinta transportadora de calor que facilita a suavidade térmica en Europa occidental. Esta estase a ver diluída pola fusión de xeo ártico nas costas de Groenlandia; en consecuencia, o aporte de auga doce ralentiza a corrente do Golfo, que pouco a pouco **desaparecería**.

Isóbara.- Liña imaxinaria que une os puntos da superficie terrestre que rexistran unha mesma presión atmosférica. Nos mapas do tempo, as isóbaras trázanse cada 4mbs. Cando o seu valor supera o da presión normal (1013mb) constitúen anticiclóns, cando se sitúa por baixo, borrascas.